



l i t e r a t u r a

e S o c i o l o x í a

V i t a

**POESIA POPULAR,
RIXOSA E COMBATIVA NOS CAFÉS
DO XOGO DA VIDA / MORTE
POR LORCA EN GALIZA,
POR OUTROS ARTISTAS GALEGOS
E EN DEFENSA DA POESÍA, ARTE,
DAS VELLAS E NOVAS TRADICIÓNS.**

Miguel Cancio

IIª parte

Nota: parte deste traballo foi presentado xunto ao médico, catedrático e artista José Luis Mari Solera "Licho" nun homenaxe que se lle fixo ao surrealista galego Eugenio Granell (acaba de morrer en outubro 2001 en Madrid aos 88 anos) na Fundación que leva o seu nome en Santiago de Compostela no Pazo de Bendaña sito na popular plaza do Toural no corazón da Cidade Vella, e que se convertiu tamén nun centro de documentación, exposición e estudo do surrealismo.

Pasos, estacións lorquianas por esos bares de Deus e do Demo

A miña viaxe lorquiana ten os seguintes pasos, as seguintes estacións:

Primeiro paso, primeira estación

Nova York, a lúa... Romance trip-hop "Luna, lunita, lunera...". Iníciase co poeta en Nueva York en plan rapero alternativo-"raptivist", co efecto Sinatra and Lorca "Flying to the moon"-Vó á lúa". Comeza no

Café de Henry e remata en Harlem, no tugurio corrosivo, no bar The Last Poets co título: "O home branco ten complexo de Deus e o negro de Demo". E dice así este rap lorquiano un pouquiño hardcoriño: "Corre negro, negro corre/ juega negro, negro juega/ ¿hasta cuándo?, ¿quién vendrá? ¿y por donde?/ Juega el negro, juega el blanco y ambos son jugados/ ¿hasta cuándo el negro y el blanco lucharan contra la sujeción de los colores para ser personas libres de sus prejuicios, de los papeles en los que los encierran, a los que los condenan?"

Permítanme que con estos versiños, con estas palabriñas: "Eu son ninguén" (Pessoa); "O importante e saber que un non sabe nada, non é nada, salvo unha sombra na pedra inalterábel e, se cadra, unha moi pequeniña luz, un soño na oscuridade cósmica" (Rubén Darío: "Ser y no saber nada/ y ser sin rumbo cierto/ y el temor de haber sido y un futuro terror"); "Sombras nada máis entre a túa vida e a



*Nova York, a lúa... Romance Trip-hop
"luna, lunita, lunera..."*

miña/ sombras nada máis entre o teu amor e o meu"; "Que somos, que non somos?/ ¿Luz, oscuridade, sombra, alento, paixón e soño? ("La vida es un sueño" bolero de Arsenio Rodríguez cantado a dúo por Benny Moré e Pedro Vargas)/ ¿Serán as sombras lorquianas, as de Tanizaki ou Platón, as de Pedro Vega, de Contursi y Lomuto?/ ¿Que somos, que non somos?/ ¿Será un soño imposible que busca a sombra?/ ¿Qué será, será?

Permítanme que teña un recordo para Granell que acaba de morrer cando recibía as probas de este artigo (a Granell, despois de chegar do exilio a Madrid, inviteino a dar unha conferencia na Facultade de Económicas e Empresariais de Santiago de Compostela, fai bastantes anos logo de ler unha entrevista súa surrealista no suplemento cultural de Diario 16 que dirixiron Cesar Antonio Molina e o gran poeta, articulista e amigo José Miguel Ullan. Deu unha conferencia-coloquio sobre o Santiago que viviu na súa infancia e adolescencia, brillante, chea de inxenio, combate e ironía. Seguidamente, fomos comer ca súa dona e Isaac Díaz Pardo. Continuo moi brillante, humano, xeneroso, divertido); e para o amigo Pepe, camareiro do Café Ideal Bar Azul na rúa do Franco -por onde entraban os pelegríns franceses camiño da catedral- que morreu cando escribía este artigo. No Azul celebrábase e seguimos celebrando intensas tertulias con Moncho e Carmiña os jefes, cos camareiros Pepe, Guillermo, Pepiño, Fernando, Jorge, Rogelio e cos clientes: o Señor Castiñeiras que morreu con máis de 93 anos, era o cliente máis antigo con máis de 40 anos de clientela, foi a este bar hasta unhas semanas antes da súa morte e recorda-

ba moi ben as súas correrías e amoríos; os abós señores de Sande, do Real Madrid que teñen unha cadeleña chamada Lily que ladra cando lle meten un gol ao seu equipo; a señora Virucha de Malpica moi do Depor xunto ao seu marido Ricocho -50 anos de dura faena no mar, calado ao lado dela e moi namorados-, coa que discutimos sobre os partidos do Domingo; Roberto García Figueiras, riguroso radiólogo en constante preparación polo mundo adiante para mellorar, corredor de fondo por todo Santiago, que lé moitos libros, ve moitas películas e é do Barça, ¡estamos rodeados!; Adolfo Sobrino, médico e profesor universitario de anatomía patolóxica, xeneroso e sempre amábel, volcado no mundo da arte, abriu dúas salas de arte contemporáneo en Compostela e Vigo, e tamén do Barça; Carballal que foi concellal e sempre vai a ver e apoiar o Compos; Suso, que un día se foi mental e confusamente para as nubes, que embarulla un pouco as cousas e que me trae kiwis galegos da finca que ten a súa familia en Brión.

No Azul e outros bares de falar e mirar, de pasmar (unha lembranza para o amigo Diego Bernal que morreu no vran do 2001, compostelano de pro como Licho, con o que me encontraba neste e outros bares ou paseando polas rúas, e que era un home aberto e convivencial, de bares, tertulias e moitas máis cousas), estar e esperar, de "junar" e poñer a caña; no Azul, os que se van, os que andan incirrizados nas súas cousas, os que deliran máis da conta e do permitido socialmente, atopan un sitio de paso, acollida, consolo, parloteo, onde se sentaren sós ou acompañados, onde largar, acougar. Citemos, neste senso, a personaxes coñecidos en Santiago e que pasaban por este e outros bares como Horacio, "Comete tus muertos, cabrón", Currinchi, Franco del Carro, etc.

Na tertulia participan tamén os profesores Pedro Arias, López Suevos, José Luis Mari Solera "Licho" e o seu irmao Juan Luis "Galín" antes de marcharse para Ferrol e Madrid (Galín tiña outra tertulia no Derby) e os irmaos Villar Trillo. Os domingos interveñen na mesma: o señor Suárez, empresario; Valiño, os señores de Rey, Antonio de Xavestre tasador de madeira; Arufe, un pequeno empresario de 61 anos, feito a si mesmo e angustiado por lle gañar tempo a vida ventureira que se nos vai; o dentista Lens, o parado Cabanas formando tanden con Licho e que nos deu un susto e case se nos foi a causa dos efluvios da "auga da vida e da morte".

Todo se nos vai, nada é, nada permanece, como canta maxistralmente Roberto Goyeneche “El Polaco”, que tamén se nos foi, no tango amargo “La última curda” do grande Aníbal Troilo “Pichuco” e C. Castillo: “La vida es una herida absurda/ y es todo tan fugaz/ tan fugaz/ que es una curda ¡nada mas!/ ¡mi confesión!/ ¿No ves que vengo de un país/ que esta de olvido, siempre gris, tras el alcohol?”. Ou nesos outros: “Nostalgia de las cosas que han pasado/ arena que la vida se llevó/ pesadumbre de pueblos y barrios que han cambiado/ y amarguras del sueño que murió”; “Vivir es cambiar/ darle paso al progreso/ que es fatal/ con deslealtades, amores traicioneros y con garrafón, más, mucho más/¿Por qué tendré que amar y, al fin, partir?”.


Nos anos setenta, anos dourados de moito amor e moito combate (“Anos dourado” bossa de Jobim e Buarque cantada por María Bethania, e que non nos poñían da histórica discoteca Johakin onde discutíamos sobre as vías revolucionarias para darlle a voltas á tortilla), celebrábase pola noite no Azul unha tertulia político-futbolístico-erótica na que participaban: Gonzalo de Vilalba, Lolo que foi alcalde do Valle do Dubra, Pepa da Isla, Miguel Piñeiro de Vilagarcía e Toñuco de Aeroportos; a finais dos setenta e principios dos ochenta houbo outra tertulia, no Café Bar Miami e no Azul, de estudantes e de loita universitaria, amorosa e festiva nas que interviñan: José Azares, Javier Ferreiro, Luis Seria, Ricardo Valdés, Mercedes, Titi, Rosa, Conchita, Romina, etc.

Como lles dicía, celebrábase con eses amigos e outros idos, vidos, ausentes, intermitentes e presentes, animadas tertulias políticas, económicas, bolsísticas, futbolísticas, locais, globais, sexuais... Como lle gustaba ao moi picarón de Pepe, Guillermo e demais esto da erótica... do poder.

Guillermo tráime as manzás da súa horta de Calo e tamén o conexo -galego da Veiga-Vegadeo, meu povo- “Prometeo enconexado” que nos serviu para presentar a “fauna universitaria” na Sala Sargadelos de Santiago de Compostela, con Agustín García Calvo e Galín; para dar conta dunha “Universidade aconexada, enconexada, de vellos e novos caciques, burócratas, mandaríns e aspirantes a señoritos e nomenklaturistas”; dunha Universidade sarcófago panteón de cuarta, onde xace que non paze o saber, a crítica e o coñecimento. Na universidade galega e española, na que levo máis de 30 anos, sigue vixente o funcionarismo, acriticismo, servilismo xerár-

quico e caciquil; o burocratismo, mandarinismo, clientelismo, chanchullismo, que xeneran unha grande insatisfacción e inseguridade con a formación que imparte. En lugar de loitar activamente para contribuir ao desenvolvemento individual e social, local e global, o progreso humano, a traballar e vivir mellor individual e socialmente, de forma máis honrada, creativa, humana e competente, e contra a sociedade dos tres tercios, a sociedade do infantilismo, victimismo, entontecemento e envilecemento dominantes imposto sobre todo pola televisión pero non só, a universidade galega e española sigue a ser a “guardiana da ignorancia” -Kepler-, a guardiana dos intereses creados, o reino dos intereses funcionariais, corporativos, das apariencias... E, nalgúns casos, empeorou, algúns vellos e novos mandaríns, pola forma de organizarse os departamentos, polo tipo de goberno, estrutura, organización e funcionamento da Universidade, sacaron do caixón modos e maneiras neofeudais que o presidente Clinton, entre outros altos e menos altos dignatarios, volveron a poñer de máxima e moi quente actualidade. O problema e que os estudantes e profesores máis xóve-

A rúa do Franco, por onde entraban os pelegríns franceses camiño da Catedral.



nes se deixaron recuperar por os intereses compensatorios, polo sálvese quen poida para o que vale absolutamente todo, o peor, pola ostentación, as apariencias, o clientelismo, o señoritismo e nomenklaturismo, por tratar de sacar taxada do público como seña desde o público ou desde o privado, en lugar de loitar responsábel, activa e rigurosamente por os intereses de emancipación, obxectivo no que a Universidade, a investigación, a ciencia e a educación en xeral terían que desempeñar un papel fundamental.

Volvendo á erótica... do poder, Clinton metea, Clinton non a mete... a pata, o puro. Clinton, antes e despois de rezar publicamente en familia o acompañado do reverendo Jackson (a outro que colleron "in braganti"), ponse ¡e como¡ ao teléfono, co fío dental e no salón oval. Clinton cas súas clintonadas: "Fai-me un clinton, Mónica". Clinton e Hillary embelesados por Granaá e o seu duende. O que Lorca, o verdadeiro, tan ben ataca: "Eros con bastón, eros con plumón, eros con sol y sombra, con mucho jadeo, menu-do sofocón"; "Sonetos turbios del amor oscurísimo ¡mi arma¡, ¡mi pollón/ ¡cuánta, tantísima satisfacción/ ¡que cabrón¡": "El sol se pone por el Generalife/ y tu me arañabas/ El sol amanece por la Alhambra/ y tu me atizabas coup de langages en las orellinas/ en los pliegues, las rajadas, las protuberancias/ Jugábamos con los agujeros negros/ jugábamos con los encarnados.../ y yo te daba besos/ pellizcos/ mordiscos/ arrebuñois/ trabois/ trabonzois/ al sol y a la luna granaina ¡Mi Madriña¡ ¡que braguiñas, que cachiñas"/ Granada la bella, Granada la santa/ la de las puestas de sol/ la que te enciende el alma".

Discutíamos sobre o divino, o humán, o máis material, o máis espiritual e o máis carnal. ¡Ave María Purísima¡ ¡Virgen del Amor Fermoso¡. Discutíamos con os Pepes e Pepas, con os que se quedaron ("Te quedarás", "Amor Fugaz", "Dolor y perdón", "Como fue", "Oh vida", "Conocí la paz", "Que te hace pensar", "Hoy como ayer", "Cienfuegos", "Que bueno baila usted", "Perdí la fe, etc. interpretados por Benny Moré "El Bárbaro del ritmo", cuio apodo o di todo, e mandou moito tolete na Habana, en México..., e agora O Benny quedouse con nós, cos nosos "corações", podemos gozalo gracias ás novas tecnoloxías estas da "comunicación") e se nos foron, no Azul, nos cafés da vida, das fugas e os sonhos, do acougo e da morte, da paixón e da resurrección. Pois, vimos de alí e alí volvemos, a este café e a outros. Voltamos a eles coas nosas grandezas e miserias, ensoñacións e pesares, soedades e depresións, tristezas e alegrías, xogos e

aventuras, amores vividos, finxidos, sufridos, partidos e imaxinados. Hoxe, recordámolo e ao facelo revivimos. Neles, seguimos estando sós e xuntos, falando destas e outras moitas cousas, xogando, mirando, "junando", lendo, murmurando, escribindo, rumiando a vida en silencio, berrando (mira que berramos), cabreándonos, ríndonos... Pois ¿que é a vida, eso que lle chaman "gañar tempo", "ter éxito, conquistar triunfos"? ¿cal e a verdadeira vida que merece ser vivida e loitar por ela, pola verdadeira familia para conquistar a propia liberdade, autonomía e realización, o verdadeiro amor e amizade, as auténticas aventuras, as verdadeiras paixóns e emancipacións?, ¿que e a morte e como a asumimos, nos enfrentamos a ela?, ¿como nos enfrentamos a nós mesmos e ao outro, a eso que chamamos vida, mundo, escasez, traballo, creación, paixón, amor, amizade, dor, sufrimento e morte?. ¿Enfretámonos con egoísmo, soberbia, endeusamento, violencia, odio, rencor, amargura, envexa, resentimento, mentiras, trampas...; con amor, amizade, xenerosidade; con traballo ou traballa ti que a min dame a risa, poesía, filosofía, ironía, viño, cafés, xamón, fillos, cans, gatos, fútbol, viaxes, pastillas... e moita televisión; con xogo limpo o sucio...? Enfretámonos sen enfrentarnos, deixándose ir, levar, vivir e morrer, deixándonos mangonear, ningunear?, ¿enfretámonos loitando, arriscando honrada, responsábel e comprometidamente polo arte de vivir a vida crítica, apaixonada, humana, irónica e lediciosamente en liberdade?. "Pibe, pebeta/ vive apaixonadamente la vida/ sin dejarte llevar, sin dejarte engatusar, sin dejarte sujetar"; "Nuestro amor se hundió en la sopa/ nuestras utopías se convirtieron en la peor de las escorias/ la corrupción y el envilecimiento reinan/ el dinero y las apariencias son Dios" (Amadori, Avilés, Aznar, Baffa-Berlingieri, Barbier, Battistella, Cadicamo, Canaro, Canet, Caruso, Catan, Cayol, Cobian, Collazo, Contursi, Dames, Demare, Discepolo, Donato, los Expósito, Macedonio Fernández, Filiberto, Flores, Fontaina, Francini, Carlitos Gardel, Garello, Garzo, Lenzi, Lomuto, Maizani, Malerba, Manzi, Maroni, Mores, Pelayo, Le Pera, Pereyra, Peñaloza, Pettorossi, Piazzola, Pontier, Razzano, Rinaldi, Rizzuti, Rubinstein, Saborido, Sanders, Sanguinetti, Santos Discepolo, Schiamarella, Simone, Soliño, Sosa, Stampone, Stamponi, Taboada, Varela, Vilado, Villoldo, Vodani, Waiss, tantos e tantos tanqueiros, milongueiros).

O rap lorquiano segue cunha especie de romance de "Oficina, denuncia e bruma para a lúa". E dise así: "Debaixo das multiplicacións, das sumas, das divi-



París, sempre nos queda París...

sións/ debaixo das revolucións/ debaixo das transformacións/ debaixo da lúa hai sangue, ferruñe, fermento, cal, terra estremecida, carne tumefacta, pensamento inmundo, carne vencida, vendida, rota, pisoteada/ Denuncio a conxura dos siniestros oportunistas/ despiadados nomenklaturistas/ fanáticos nacionalistas e integristas de alta, media e baixa intensidade/ que radian agonías/ saldan mitoloxías/ venden salvacións chave en mao e impoñen falsas quimeras (“soft power”: as formas complexas de dominación)/ Borran ou manipulan os programas, asasinan a memoria, organizan guerras virtuais, limpas, sucias, ecolóxicas, biolóxicas, santas/ denigran e saquean con algarabía/ violan, torturan, aterrizan, matan con alevosía (“hard power”: as formas arcaicas de dominación). E ofrézome a ser corneado polos touros afeitados/ a ser rumiado, a luz negra da lúa, polos porcos, os coellos e as pitas adulteradas, estruxadas/ polas vacas carnívoras, tolas, corrompidas e subvencionadas/ polas vacas patrimonializadas por ladróns e estafadores públicos e privados/ polas pólas esquizofrénicas/ polos polancóns e polanconas contaminados/ cando os berros de toda a manada, de toda a xauría enchen o val do

Hudson, o Mekong, o Amu Darya, o Helmand, Tumen, o Kolima, o Peace, o Bravo, o Roxo, o Colorado, o Amarelo, o Arkansas, o Azul, o Yang Tse Kiang, o Ganges, o Ubanguí, o Zambeze, o Amazonas, o Nilo, o Rhin, o Sena, o Elba, o Danubio, o Don, o Neva, o Kolyma, o Tiberíades, o Tigres e o Eúfrates, o Indo, o Krisna, o Volga, o Gúaldaquivir, o Mulhacen, o Jucar, o Tajo, o Douro e Genil, o Manzanares, o Ebro, o Segura, o Miño, o Guadiana, o Eo, o Navia, o Narcea, o Monjardín (en francés da Veiga, de Vegadeo que é o meu povo), o Brahmaputra, o Missisipi e o Missouri, o Victoria, o Deseado, o Mexcala, o Matanzas, o Darling, o Blanco, o Negro.../ Ríos, vales, mares, montes e montañas emborrachados con o falso aceite, a ecoloxía funcional, fundamentalista, comisionada, de poetas mortos, aceiteiros nada altivos e máis ben bastante chourizos, de cargos, funcionarios, profesionais, liberados e empregados, de científicos e técnicos, de intelectuais, artistas, poetas, cantores, actores, directores, escritores, movementistas, ongenistas, cazaprimas, mercados, domesticados, funcionalizados, neutralizados co PER, cos fondos sen reserva, cos fondos reservados, cos fondos de reptís, sanguijuelas e abutres carroñeiros, cos fondos do



*El sol se pone por el genalife / y tu me arañabas / el sol se pone por la Albambra /
y tu me dabas coup de langages en las orellñas...*

bartering e merchandising, do vending, mobbing e packaging, cos fondos traxinados/ ca cuota leiteira, ca cuota cárnica e pataqueira, ca cuota verduleira, ca cuota viñateira e liñeira, ca cuota gandeira, madeireira e pesqueira, ca cuota intelectual, artística e cultureteira, con todo tipo de cuotas funcionariais e chanchulleiras/ Quen dira que a auga, o tequila, o ron e o viño, o whisky e a vodka, que o aceite e o oruxo, que o liño es as flores, que a carne, que o leite na desmesura da súa brancura, que a mismísima luz, levan un lume fatuo e cruel de berros grises, de lodo purulento, de cores descoridos, de sangue morta e viciada/ ¿Que dirá por onde retumba e morre a auga/ por onde se apaga a luz/ por onde estalla o tempo?/ ¿Como é posíbel, en nome da ciencia, da cultura liberadora, da patria, da natureza, da razón, da superstición, da salvacións, chegar a tanto torpor, a tanto horror, perpetrar tanta dor, sembrar tanto odio e rencor, tanta mentira e terror?.

Corre negro, corre/ xoga negro, xoga/ Corre-te-la por ti mesmo/ Juega-te-la por ti mesmo/ Negro, blanco, mulato, roxo, azul, amarillo, do color que queiras/ podes correrte ou non correrte... de turno, de color/ podes pensar, falar, escribir, cantar, danzar, pintar, provocar, contar, gañar, figurar..., sempre que sexas ser-

vil, que te deixes levar, controlar, trincar... Non piques, carallo. Pero, amiguiño, de ti depende e déixate de excusas, de deudas históricas e demais xustificacións.

Novo paso, nova estación

París sempre, nos queda París... De novo en francés da Veiga: “Petite fiction des temps dur/ Nourriture de l’homme que sauve l’ordure/ Les rhéteurs-recteurs bricolent de débris banals/ imposés haut dans ce pauvre carnaval”. Pequena ficción de tempos ferruxentos/ alimento do home que salva a basoira/ que salva o noxento/ Os retóricos-rectores que mandan, os que aspiran a controlar o cotarro/ chapotean entre refugallos banais, promovendo a castración mental/ encaramados en tronos, púlpitos, estrados, tribunas, tribunais, chair e sillóns de domados, acomplexados, pretenciosos e ostentóreos carnavais de mascarar mortas, de disfraces sen vida/ levando en bastantes casos ao seu povo á barbarie e a catástrofe.

A segunda estación, o segundo paso ten lugar no que queda do Barrio Latino de París, no Café “Aux Deux Magots” e no restaurante La Coupole, onde Lorca, Severo Sarduy, Barthes, Foucault, Lapassade e

outras boas pezas tómanse uns cafeciños e pinchos morunos antes de saír de cacería e se lanzaren freneticamente ás noites barbaras ao ritmo “Ne me quites pas” de Jacques Brel ou “Putón respetuoso” de Brassens, interpretados nunha descarga salseira de Machito, Cachao, Cortijo e o seu Gran Combo de Puerto Rico, Oscar d’ León, Maelo Miranda, El Canario, Palmieri, Willy Colón, El Conde, Celia Cruz e Tito Puente, coa savia nova de Albita, Gloria Estefan e Yuri Buenaventura e sen esquecernos de Cheo Feliciano (“Ponte duro bongo, ponte duro”. Un dos himnos, das romanzas orxiáticas, das bacanais do Burgo das Nacións) e Azuquita (“Pónmela dura”, que tocaba nas cavas tropicais do Barrio Latino parisino). Por alí se atopan: Beckett, Ionesco, Cioran, Bataille (“á búsqueda do divino na maldición e no misterio de Eros”), Picasso (empalmado como sempre e sempre cruel por moi artista que fose), Topor cos seus topolinos xunto o seu camarada Debord o rebelde situacionista de “in vino veritas”; René Char (acerdosamente cas súas cochonneries: “Odio os vosos deuses que non existen, eu adoro os meus porcos que si existen, carnosos, deliciosos”); Buñuel (tan empalmado hasta o final ao menos como Picasso, pero moita mellor persoa e arreando estopa aos bombos, boum-boums, aos tambores da paixón), Bretón de Conxo, Bretón de París e Bretón dos Ferreiros (na Veiga había moitos ferreiros como Suso de Cula, Os Manexos, etc., ou os do taller de Galochia: Pepe “Latas”, Xorra, Tiburia, el marido de Visita, etc. Con algún deles, na súa forxa escoitaba pola radio o Tour de Francia); Dalí en alpargatas, moi repoludo e coa boquiña pintada (“Federico píntrate os beizos/ déixate de boberías/ maquíllate os morriños e ven a bailar o son”, Elíades Ochoa cos seus guajiros e a sublime ilusión de volver a escoitar “Dos gardenias” de Isolina Carrillo cantada maxistralmente por Ibrahim Ferrer, despois de actuar en New York -toda a miña solidariedade contra o bárbaro atentado dos terroristas, totalitarios e/ou fundamentalistas aos que hai que combatir sen descanso- con todos os mitos de “Buena Vista Social Club” xuntados por Ry Cooder e filmados por Win Wenders que denuncia en imaxes a miseria material e sobre todo existencial imposta pola dictadura totalitaria castrista); Lorca coas cexas postizas e en bata de cretona (vivir e arriscarse por xogar activamente o xogo da vida, disfrazarse libertariamente e, se cadra, gozar con eles/elas e recordar. Somos máscaras andantes que van e veñen tratando de crear e recrear, algúns coa maior honradez e dignidade, os papeis que nos tocaron en sorte ou en desgracia, que presentamos e

representamos, que buscamos e xogamos “se nos deixan”-José Alfredo Jiménez Sandoval e tendo moi presente a JuanGa, Dona Lola Beltrán e a Vicente Fernández-); Mouna en bicicleta, Lacan máis agarrado que a unha e co seu abrigo de pel de panteira... E elas, deusas, raiñas, bruxas e diablas: Kiki de Montparnasse, Kiki de Aquí, Kiki de Ala e Kiki Machacama Xa (como conta Jesús Pardo “Pardito” de Cela e



Sevilla a contaminada, Sevilla a do macho cabrío.

de Cunqueiro nos seus dos libros de memorias); Boca de Alcantarilla do Moulin Rouge, Helena Ivanova Diakonova “Gala” como unha loba cando se trataba de devorar os poliños e poliñas, os lechonciños que a rodeaban e que constantemente se procuraba con Dalí de por medio; Bi-Amadanda Lear, Diana pecadora de Carballo que tiña unha lanchiña e que non ten nada que ver con a pecadora “princesa do povo” Lady Di, Françoise Philippe, bruxa bretona que deixou os seus sortilexios amorosos polo Burgo das Nacións de Compostela (gran albergue de peregríns da época franquista, convertido en residencia universitaria aberta, festiva, combativa, dionisiaca e autoxestionaria despois dunha loita memorábel, a do burro, o porco, as pitas e demais bicheira); Veronique La Parisien chamada por Galin para revivir o maio 68 francés; Pilar de roces excitantes, braguitas axustadamente provocadoras para marcar raxa debidamente e cú respingón; Esther alegrisimamente santiagueira-ourensana, heladeira de bei-

zos de lume e noites sen fin (“Arboleda ben plantada, sempre parece arboleira/ a muller emancipada con ou sen marido/ sempre será libre, responsábel e festeira”; “Depende”, Jarabe de Palo), Rosa “Esprit de finesse” con peitos de taichi e cadeiras de judoka, Tere “La Jacometti” de boca depravada e curvas de terciopelo, Marta “Martita a filósofa boherista” con botas de montar e que finalmente se casou en Florencia con un príncipe; Montse, a bela pesimista, recalcitrante e calada que xogaba a moitas bandas, corazón pechado ¡que peniña!; Olga “A checa”, rusa subxugante con Catulo de por medio e o seu manantial primordial; a silente Ester “Chica Grande de Padrón” en mini estratexicamente entreaberta con mirada desexante e insinuante que non pasou do platonismo lúbrico (“les machines desirantes” de Deleuze, sardónico e divertido, cos seus sombreiros ante o espello e unha entrevistadora televisiva despampanante amosaba a pernacola mentres o filósofo degranaba o seu diccionario sabrosón); Cristina a amábel e guapa empresaria de hostelería que está adelgazando (¡que lacra! esto da liña e ¡que perigo tan grande!) e me alegra as mañás, Iriana a inquieta cubana-venezolana, familiar de Severo Sarduy, prima de Oscar d’ León e sobriña de Condolezza Rice, con bamba afro-cubana prometedora (una cousa é a ideoloxía proclamada e outra moi diferente a práctica real, é isto temos que aplicalo pero ¡ollo! empezando por un mesmo: non fagas aos demais o que non queres que che fagan a ti) e luar de cine; as poliñas sonrosadas de peitiños alimonados e, sobre todo, as menos lolitas como Dona Leopoldina e Dona Leonardina ¡menudas leopardas! ¡vaia par de lolazas!. Henri Michaux: “Une entre mille autres, continuellement possibles et toujours prêtes”.

Todos e todas na mesma loita, camiño da Verdade Absurda, da Verdade Triste e Dura, da Verdade Festiva e Sabrosona, da Verdade Tenebrosa, da Verdade Enroscada, da Verdade Mentirosa (“Que se me caigan los dientes, si miento”, de novo Benny Moré o cantante do son montuno, do guaguancó), Verdade Inalcanzábel... Bergamin cantáballe así á verdade da boa: “Odio a verdade cando é mentira. A verdade para selo de “verdá” da boa debe arder e queimarse/queimarnos”. E engadía León Felipe: “E ser radicalmente desnudadora meus cuates”. León, exiliado en México e namorado de Sara Montiel a de “Veracruz”.

Ao tanto, a uns pasos en Casa Flora, no Café de Flore –unha sucursal da Casa de Dona Bernardina Alba, estaban Arrabal, Lapassade da Universidade transgresora París VIII-Vincennes que foi arrancada de

cuallo do Bois de Vincennes en 48 horas, Vallejo, Cernuda... Bon, os de sempre, a cuadrilla Arrabal e Paquiño Rabanne rabóns rabóns/ tolón tolón/ nabóns nabóns. Paquiño “O do Rabo” estaba como a el lle gusta estar: reencarnado no Tutankamon e no Profeta Daniel, rodeado dos seus contertulios e lanzando unha apocalíptica excomunião das súas: “Maldigo as grandes top models, a Claudia, Noemi, Cindy e compañía, auténticas arpías andantes, tontas, caprichosas, codiciosas... Maldigo a moda flácida, a moda anoréxica, a moda de lacón de costela...”

Lorca, deitado ante un pase de modelos no Diwan do Tamarit e non o de Jiménez Losantos, ponlle a guinda fucsia, marelo poliña, pardo zorróna, a estas maldicións rabonianas, rabelesianas na súa “Gaceta e gacelas do mercado matutino, vespertino e nocturno da moda dos shows rooms”, onde di: Que moda/ que maniquís para o meu castigo/ que levantan as saias e sacan os seus para un mercado sen principios/ Que clavel enaxenado/ que cabezas anestesiadas/ que peitos siliconados/ que corpos vendidos, magreados, drogados e torturados/ Non quero verte posar/ para sofrer os teus caprichos e poñerme a chorar/ Que moda gris ou multicolor do diñeiro/ meteuche o bisturí/ desangrouche o corazón/ e fixo de ti unha moneca articulada/ ¿Qué alfileres de cactus envelenados/ asesinan os espellos/ e asfixian o noso elan vital?”

Cantemos, pois. Gocemos da moda “ese salto del tigre cara o pasado e/ou futuro para representar, para fruxir do presente”. Da moda como campo de disfraces, aventuras e paixóns para, se cadra, abrir novos camiños libres e venturosos, multiplicar as nosas capacidades xugetonas. E non da consumopatía, da modapatía, da moda como vellas e/ou novas formas, códigos, dispositivos, imaxinarios, aparatos de dominación, exclavización (“fashion victim”, “image victim”), como campo de suxección (suxeitos suxetados polo sexo e o seso, a bolsa e o bandullo, os hábitos, a pinta, o estilo, a apariencia), para amargarlle a vida ao personal, deprimilo, torturalo, empu-tecelo, cabrealo, normativizalo, inicializalo, arruinalo, suxetalo aínda máis; fonte de sufrimento, control, represión, enaxenación, alienación, enfermidade e morte.

Arrabal e a súa cuadrilla prepáranse para marcharen de procesión á Sevilla de Curro Romero, á Maestranza “Catedral da arte de Cuchares”, a se luciren, verse, gustar e gustarse. Queren ver pasar a Curro pola porta do Príncipe (“Rabo y Oreja” que Benny

*Clinton e Hillary
embelesados por “Granaá”.*


Moré compuxo despois de ir a Monumental en México). Acto sacramental entre o principio de vida, placer e o principio de sacrificio, de morte. “Oda ao Santísimo Sacramento do Altar no traxe Alba de Gloria”, “Gloria: ouro, coito, incienso, rexóns, sangue e mirra”. “Como un incensario cheo de olores e desexos/ plantácheste na tarde luminosa e clara/ con a sangue quente ante o animal encendido/ e o sexo protuberante clavado nos seus ollos/ Paixón famenta de lances de lume/ mística eterna do inferno carnal/ que grande desafío para os teus atributos/ o dos teus humores/ o dos seus/teus cornos”.



Lorca, en contacto con todos estos perdularios e outros peores, apórtanos os seus versos do “Romance azibeché de pena negra” tamén coñecido como “Muiñeira nadaista pata negra, fado mouro da pata moura”. Que, máis ou menos, di algo así: “Nada empezou/ nunca houbo nada máis que nunca e nada/ Empero, nada hai sen azar e fundamento/ con e sen xumento/ con e sen presunto/ nada, para nada e nada”. Polo demais, se cadra/ a nada con xamón de landra ou bellota está moi sabrosota (fixémonos, neste senso, nos instalados nadaistas galegos, españois e de outros países como lle dan o xamón ibérico ben instalados nas súas mansións e piscinas e moitos, a maioría deles, funcionarios ou aspirantes a selo, a vivir da teta pública desde todo tipo de actividades) e, en calquer caso, por conseguinte, a nivel de, pase o que pase, caiga que caiga (o humor instalado, comprado e domesticado), eu diría... a nada con caviar beluga, con xamón pata negreira e moito máis levadeira. O mestre Amador Santos Bartolomé, director da banda municipal de música de Santiago de Compostela, dirixía o 13 de xuño de 1999 (día en que tiveron lugar as eleccións europeas e municipais en España), nun concerto ao

ar libre da Cidade Vella, na Rúa do Villar desembocando na praza do Toural, o pasodobre, composto por el, titulado: “Lacón con grelos”. Anteriormente a banda tocou o pasodobre: “Rosas para os porcos” do mestre Del Río, a fantasía “La Dolorosa”, “La boda y el baile de Luis Alonso” e o “Capricho italiano” de Tchaikowsky. Máis tarde, Amador Santos Bartolomé na Praza de Platerías presentaría para o público de Santiago de Compostela e visitantes a peza “Muiñeira das gaivotas” coñecida como “Muiñeira para Novoneyra” que interpretou a banda de música que dirixe, e que creou o médico, catedrático, poeta, artista e gaiteiro José Luis Mari Solera “Licho” en homenaxe ao grande poeta do Caurel “Uxío Novoneyra”, despois da súa morte e que espallou polo mundo a “Coordinadora pro gran poeta do Caurel Uxío Novoneyra: Novoneyra forever & ever”. Licho, portavoz de dita Coordinadora, estivo presente na praza fronte a catedral cando a banda interpretou a súa “Muiñeira para Novoneyra”.

A verdade do ser, que e un ser para a morte, para a nada (“Unha nada fumos, somos, seremos/ florecen-



Al sol y a la luna granaina. ¡Mi Madriña! ¡Cuánta enjundiaña!, ¡Que cachiñas!

do, rosas de nada, de naide”), está na liberdade, no risco, no despliegue do desexo. Desexo desexante para seguir desexando/ para seguir loitando/ para seguir xogando/ Desexo sempre de verdade. Sabendo que esta, a verdade como a felicidade (canción maravillosa do brasileiro António Carlos Jobim como “Insensatez”, “Vivo sonhando”, “Por causa de você”, “Desafinado”, “Dindi”... que interpretou como ela o fixo Ella Fitzgerald, e tamén Astrud Gilberto xunto a Stan Getz), non se alcanzan todas en nunca. “Mentira/Verdade/ Dareicha/ Non ma darás/ Non se chega nunca o fondo do mar...”. Pero sabendo, tamén, que non batirse por elas, sen chanchullos nen compoñendas, conduce á corrupción, á claudicación, ao papanatismo, á mediocridade, ao lamento, ao sometimento, á perda vital. “Non queremos un mundo no que a garantía de non morrer de fame se compense coa histeria posesiva e obsesiva de obxectos materiais e/ou

cultureteiros, coa garantía de morrer de aburrimiento, de matar televisivamente o tempo” (texto feito a partir dunha pintada de Maio 68 e tendo presente a Internacional situacionista de Debord e a Internacional pasteira “Crema e Castigo” de Copacabana).

Nada val nada, pero se cadra, hai que facer como se todo valesse todo... Avanzamos shakespeare-celaniaamente en sombras cara o abismo, nun mundo cheo de furor e de ruído, de dor e de horror, de vellos e novos mamporreiros, caciques, traficantes (incluídos os dos mercados da salvación, os dos mercados da cultura, da distinción, da música, da arte, etc.), ricscultos e nomenklaturistas, que non significa nada e que, se cadra, entra mellor con nata montada, a que lle poñen múltiples e diversos estafadores de todo tipo de utopías e ucronías, mercaderes varios de ilusións e salvacións. Desgraciadamente hai moitos

papanadas, abundan os papanatas, aburren os cacoparlantes, atufan os merdafalantes, multiplícanse os intelectuais, profesionais, escribidores e artistas mamporreiros “voces e plumas dos seus amos”, máis empresa ca propia empresa.

¿Por que a poesía, a literatura, a arte, a filosofía, a ciencia, a técnica... terían que se opoñer á búsqueda da nada e do todo, do infinitamente grande e do infinitamente pequeno, da verdade, da utilidade, da riqueza individual e social, da felicidade, do que nos maravilla, do que contribue a pensar o non pensado, amar o non amado, vivir o non vivido?. E ti preguntásmo, cabrón de merda, que vendiches a túa palabra, a túa dignidade, a túa vida. E ti preguntásmo, egoísta, ególatra, traidor, manipulador, revanchista, amargado, vendido, arribista, logreiro, resentido, envidioso, vanidoso, chulo, soberbio do carallo, cos coñazos que largas, cas mentiras que colocas, cas putas, mariconadas, cabronadas que ves facendo.

¡Ollo ao dato!, queridiños, coas poesías, as narracións, as ciencias, as técnicas, as artes, as ideoloxías, as filosofías, as culturas, as educacións, as salvacións, as elucubracións... proclamadas, que é necesario poñer sempre en relación coas prácticas reais e os espacios posicionias dos poetas, literatos, artistas, intelectuais, científicos, profesores, filósofos, técnicos, profesionais, críticos... proclamadores: a prova do algodón.

Aunque o mesmo Faulkner diga que un bon poeta, escritor... poder ser un mal bicho, desalmado, sen principios, moi mala persoa, un trepa, un oportunista..., convén sempre sabelo. Ser boa persoa, alegre, irónica, rigurosa, xenerosa, comprometida ca verdade, a xusticia e a liberdade, esforzarse nelo, é unha das principais grandezas (“Nengunha grandeza neste mundo val o que a amizade dun bon amigo con principios”) e obxectivos que é menester buscar nesta xungla social, neste mundo cruel...

Non obstante, hai quen di que para ser escritor, artista... hai que ser moi malo e ter sufrido moito, almorzar todas as mañás media ducia de sapos. Hai, tamén, quen di (e algúns creeno) que para escribir ben, facer arte... hai que se colocar con todo tipo de productos. Neste sentido, España, polo numero de “colocados” con alcol e todo tipo de tomas, tería que ocupar os primeiros lugares do mundo. Claro que, ben mirado, España e unha das nacións do mundo que concede máis premios poéticos, literarios, culturais... Hai premios

locais, comarcais, provinciais, diputacionais, autonómicos, estatais, etc. Galiza, que non se queda atrás neste, está a punto de alcanzar a porcentaxe dun premio poético, literario... por habitante. Asturias, síguelle moi de perto, ou, se cabe, xa a superou...

En fin, cada un de nós ten dentro de si a posibilidade de mentir, enganar, de dar gato por lebre... E a de dicir, buscar, traballar pola verdade. Debemos, polo tanto, optar sabendo co traballo individual entendido e buscado como actividade libre, esencial e permanente (superar uns desafíos para dar paso a outros) para realizarse personal e socialmente, -o esforzo por añadir algo positivo para os demais e para un mesmo, por mellorar as cousas individual e socialmente-, e non como forma de quietismo, conformismo, corporativismo, funcionarismo, mandarismo, vedetismo, alienación, carga, tortura, tormento, encadeamento, explotación, sometemento (o que hai que denunciar, ao que hai que combatir sempre e en todo lugar), é básico para a búsqueda, para a loita pola verdade, pola emancipación.

Cuarta estación, cuarto paso (saltámonos outros pasos por razóns de espacio)

Sevilla. Sevilla a florida, Sevilla a sombría, Sevilla a contaminada, Sevilla a do macho cabrío. Pere Gimferrer, en plan académico coplero antisevillí: “É baixo ser servo dun/ non poñades as garras aquí/ son insumiso deste goberno/ quincallería sevillí/ goberno de ropavejeros”.

Todas as batallas perdidas resúmense en dúas palabras: “Demasiado tarde”. Boa parte das batallas pérdense por ceder en claudicar no campo dos principios, dos medios ademais dos fines; por deixar facer, deixar pasar, deixar mentir, deixarse avasallar, deixarse comprar, levar e traer; por non arriscar o máis mínimo...

A cuarta estación é no Café de Chinitas, despois da tertulia ultraista do Café Alameda. Un paso por bule-rías co grande cantaor El Cabrero de negro, ca súa barba negra e o seu sombreiro negro e cordobés, xunto a La Niña de los Peines de negro e cas súas gafas negras de blueswoman (Dolores Jiménez Alcántara de la Puebla de Cazalla-Sevilla, naceu en 1909 e morreu en xuño de 1999, coas gafas, as “botas postas”. Deulle un ataque cerebral mentres cantaba a súa última soleá para un grupo de amigos dunha peña flamenca de Huelva. Como cantaba “Los campaniñe-

ros"! , un dos seus grandes éxitos; con que duende, forza, presenza e empaque!) o seu vello e mellor flamenco (non hai que olvidar neste senso aos "Mártires del compás"), mentres a Tía Anica "La Piriñaca", framenquísima e con un montón de anos, outra "montrua" de musha embergadura lánzase, coa súa grasía que era mu grande, mu grande, polo pau da farruca, e Beni de Cádiz "O Grande Beni" facía palmas.

El Cabrero pastorea as cabras e os poemarios de Lorca: "El macho cabrío encabronado", "Poemas jondos de mu mala leshe", "Suites, blasfemias y canciones". E canta así o Cabrero por soleás, seguidillas e tanguillos co sombreiro ben plantao: "O sangue que eu mamei/ non o contaminou nadie/ o sangue que eu mamei/ veu directamente a min/ desde o peito da miña nai/ e por eso son así"; "Se a verdade é o que ofende/ non me importa que se espanten/ os paxarracos, os cabrón que non a quere ver/ os traidores que a venden/ que a manipulan, que non a entenden".

"Na lúa negra/ dos navalleiros/ cantan as espuelas./ Cabaliño negro/ ¿onde levas ti, o teu xinete morto?/ Na lúa negra ¡un berro¡/ É o corno longo do queixido/ Cabaliño frío/ ¡que perfume de flor de cuchillo".

O xinete de bronce monta os cabalos salvaxes de Spinoza, Pushkin, Lorca, Vallejo, Cernuda-Carnuda, Guerra da Cal, Dieste, Blanco Amor, Lois Pereiro, Novoneyra, Carlos Oroza...Ao escoitar os seus berros de verdade e liberdade, cantados polo Cabrero, La Niña de los Peines, La Niña de la Puebla, bailados pola Piriñaca, Silvie Gullem e acompañados por os palmeiros de Lola Flores e O Pescadilla, encabritáanse, corren maxestuosamente polo tempo, cara o infinito e, por uns instantes, fannos sentir o ceo.

Quinta estación, quinto paso

Buenos Aires. Mi Buenos Aires queridos, cuando yo os vuelva a ver, a sentir arrabaleramente, a ouvir la queja de un bandoneón...Argentina fúndese no fango da corrupción política, económica, intelectual, cultural e social; na corrupción e perversión dos vendedores, no poder e na oposición, de salvacións chave en mao.

"Nas miñas horas de febre e orxía/ farto xa de pracer e loucura/ en ti penso, cidade, patria miña/ para calmar a miña amargura/ saborear tanta melancolía/ Noites porteñas baixo o teu manto/ risas, amores e pranto/ E á saída do bulín/ ao deixar o cafetín/ ao despedir a milonga/ choran as nenas polo deus Pan/

por iso que no gostan/ sempre solloza unha pena/ Até nunca, Malena".

Galiza profunda, festeira/ Galiza negra, verbeneira/ Galiza violenta, fogueteira/ Galiza carnal, palleira/ Galiza rabona, arrabaleira/ Galiza feiticeira, tangueira/ Galiza pequena e sometida, plañideira/ Galiza de vellos e novos caciques, mentireira, chanchulleira/ Galiza virtual, gaiteira...

Doña Elisa Cancelo de Amio, boa amiga que morreu no 2000, viuva guajira do Pino, labradora moi pobre e sufrida nunha agricultura galega brutal e moi dura, explotadora e atrasada, coa casa e o petate sempre en marcha, que aprendeu a ler moi maior, con 78 anos de presenza enjuta e moitos fillos desparrramados polo mundo (como outros moitos galegos como ela); Dona Elisa, xubilada con 56.000 pesetas da Agraria, cuidou o cebou até o final o seu porco con verdadeira paixón e esmero para a festa familiar, festa local, festa carnal, do cirio leitas, do cirio pascual... "Marica dos Merimée, a dos suizos, se vas á feira non merques porco rabelo/ mércamo con un bon rabo para mostralo no cortello". A súa neta, ca que vivía como moitas netas fillas de emigrantes que se quedaron ca súas aboas, e que estivo inxustamente en paro moito tempo, lle gustaba moito escoitar a Leo Ferré, María Callas e Rachmaninov.

A quinta estación é na Arxentina, en Buenos Aires, por onde andivo Lorca, no Bar-restaurante do galego Pepe Fechoirías, na zona da Boca, a onde acudía a bohemia arrabaleira, artística e teatreira, a se zampar bons churrascos pampeiros, despois de escoitar no "Colón", aos inolvidábeis tangueros Roberto Goyeneche "El Polaco" e Aníbal Troilo "Pichuco", entre outros.

Os versos lorquianos son do "Romance do porco florido, do porco festivo", tamén coñecido como "Romance do rabo, da untuosa carnalidade". Recordemos que Lorca fálanos da Suntuosa Leonarda, carne pontifical e traxe branco. Oscilando ven o teu cú, desparramado na súa apoteose, apoteósico na su redondez/ axamonado na súa oronda desnudez. Deusas o Deuses Pan, Ceres, Venus, Safo, Hermes, Afrodita, Dionisos... na retórica de carne, en épica de marmore.


Pola súa parte, María Zambrano aludía á Untuosa Sensualidad e Rene Char sentenciaba: "O esencial da carne vese constantemente ameazado polo ruído-

*Sevilla. Sevilla a florida,
Sevilla a sombría.*

samente insignificante”. Se cadra, o efímero fru-fru ao que se refería Ernesto Junger que reivindicou aos titáns (recordemos tamén a orquestra galega “Los Titanes” interpretando os boleros: “Tu mi delirio” de Cesar Portillo de la Luz y “Humo y espuma” de Rolando S. Rabi).

Os versos do *Romance do porco florido, do porco festivo, do rabo e da untuosa carnalidade* plantexan a dialéctica dos desexos entre o poder material, carnal, lechal e o poder espiritual, verbal, nerval, virtual: “¿Que é o verbo?, o verbo e a gramática xenerativa da carne (Chomsky) do rabo do cerdo. E ¿que é a carne? É o rabo con nervio, o rabo ludens, o rabo hipermegamediático, o rabo ciberpunk, o rabo icónico, o rabo simbólico, o rabo imaxinario, e dicir, o rabo freudiano-laciano dos nós borromeos que se move entre o real, o simbólico e o imaxinario. Empero, vale máis ser un home insatisfeito que un porco satisfeito, que un conexo/a feliz. Sen o desexo, desexo sempre de verdade, non hai nada pero a súa satisfacción, se cadra, racha ca norma e ca pana (Estopa, despois do da raxa), cuestiona a orde macro e micro rabal e/ou conexifera (o paso ou converxencia entre o falonabocentrismo e o coñoconexacentrismo), pon en perigo as nosas convencións e canóns. Empero, alí onde esta o perigo xurde tamén o que libera, máis, queridíños, ternuriñas, alí onde se di que está o que libera poden xurdir e veñen xurdindo ao longo da historia catastróficas e terribes perdicións.

A linguaxe fala, a carne fala, o rabo fala, o rabo engorda e o do touro, antes das vacas tolas a fuer de carnívoras, máis. Outros din que todo o que se di do touro, incluído o do rabo, é unha mentira, un estereotipo interesado, un rol falso e agotador: o de Don Juan, o touro bravo, o home erectus, machomán, o latin



lover con un rabo descomunal e poderosísimo no que radica a súa razón de ser e estar no mundo, sempre erecto e disposto a cubrir todo o que se lle poña por diante, alcanzar as maiores prestacións e marcas na canana.

O porco evoca, convoca, trastoca, sofoca, o porco provoca... colesterol. Empero, o que é paixón no corpo é tamén, e necesariamente, paixón na alma. ¿Terá a alma colesterol, padecerá de anquilosamento, sufrirá de arteroesclerose?.

Sobre a túa carne había rosas e espiñas (Dona Isabel Pantoja, a mellor posta en escea da bata de cola racialmente toreiro-copleira, desvelando e desconstructuindo o xogo dialéctico liberal-hegeliano-marxiano das espiñas e das rosas, das formas arcaicas e complexas da paixón liberadora, da paixón emancipadora, da paixón enaxenadora, da paixón dominante. “Madríña/ por fora, xardín de rosas/ por dentro, cárcel de espiñas”), penas e alegrías, froitos imperecederos, desexos perennes, frustracións infinitas, perigos definitivos...

Como estamos na Arxentina con Lorca degustando uns chorizos criollos..., agora, co milongueiro de Borges (do que se celebrou o seu centenario en 1999 e

que definiu a Lorca como “andaluz profesional”), antes de rematar, quero cantar (acompañando a María Bethania na fermosísima bossa nova “Último desejo”), se vostedes mo permiten; quero defender a boa poesía, a boa pintura, a boa casquería, a boa carnicería. Cantar no homenaxe a Lorca, Granell, Reinaldo Arenas (¡Abaixo a dictadura totalitaria castrista e todas as dictaduras, as demagoxias populistas nacionalistas e non nacionalistas e os fundamentalismos!, sen deixar de lado a crítica permanente as democracias corruptas, amañadas, tecnoburocrático-nomenklaturistas), ao burro Zenon de Kotapos, ao porco Juan Jacobo Paradox, as insignes galiñaceas que bulliciosamente irrumpiron no Paraninfo alborotando o galiñeiro universitario compostelano, a tutti quanti citados e por citar, incluído Tutto Pavarotti e Pucho Boedo o neto de Puccini, que nos animan/complican a vida, axudándonos a levala, reflexionala, correla, a desvelala, a descubri-la, creala... Quero cantar-lles con estas palabras máis ou menos borganas e lorquianas: “Para fuxir dos amores tristes, insulsos, trampo-sos, desleais e insoportábeis/ para fuxir da realidade tantas veces insufribel e inaguantábel/ para fuxir dos tempos dos embaucadores/ dos aburre as vacas e as ovelas/ dos arribistas, oportunistas, trepas e mentirosos/ se cadra, queridíños, chega con metela mao/ metela ben.../ poñela sobre uns bos versos, sobre boas historias/ emocionarse ca música/ contemplar a gran pintura, saborear a boa carne, as boas verduras os bons cogumelos, o peixe e o viño, as obras imperecedeiras/ e soñar, vagar e gozar despertos”. Vagamos sós, na noite cósmica perdidos nos buratos negros do tempo, a onde van a parar todos os desperdicios. Soedade dura/ soedade insegura/ soedade gozosa/ soedade frondosa/ soedade segura plagada de dadas, de amarguras, de conxeturas.

Sexta estación, sexto paso

Portugal, África, Brasil, Santiago de Compostela: Café Ideal Bar Azul, Café a Brasileira, Café Antonio’s.

A sexta estación, o sexto paso, e remato definitivamente, lévanos de novo ao principio, despois de facer unha fuxida oceánica comunitaria-universalista, lévanos ao Bar Azul, onde José Luis Mari Solera “Licho” aportoume este poema seu que leo, refago co seu permiso, que me parece xenial, de aires lorquianos-borganas-agustinianos-jupiterinos (de San Agustín García Calvo “Júpiter Enoxado”): “Perdido no laberinto dos soños/ vinme prisioneiro do tempo/ saín da ensoñación e funme ao ar/ para que me levara o vento”.

Finalmente, derradeiramente (¿soa ben eh?), o ar, os ventos lorquianos sonnos propicios e lévannos, nunha penúltima fuxida e da mao de Pessoa ao Café A Brasileira de Portugal, Brasil, África... Pero antes facemos unha paradinha no restaurante Antonio’s que fundou e animou en 1967 en Rio de Janeiro na Avenida Bartolomeu Mitre moi perto da Praia Leblón, o galego de Santa Comba Manuel Rieiro Romar. O Antonio’s de Rieiro foi un centro estratéxico da “intelligentzia” política, intelectual, cultural, mediática, musical e artística de Rio de Janeiro e por donde pasaron grandes persoeiros do todo o mundo como Neruda, Nureyev, Mick Jagger e Marianne Faithfull, etc. Este lugar de vida e encontro estaba presidido por un cadro feito aos seus clientes: Sérgio Porto, Vinicius de Morães, Maysa, Lúcio Rangel, Regina Rosemburgo, Gilson Amado, Juscelino Kubitschek, Djanira, Leila Diniz (“musa de Ipanema e do Bulevar do Leblón”), Di Cavalcanti, Irineu García, Cyro Monteiro e José Carlos de Oliveira”. Por alí pasaron, ademais dos citados, grandes personalidades brasileiras: Jorge Sarney, António Carlos Jobim, Jorge Amado, Niemeyer, Chico Buarque, Nelida Piñón... Que se fixeron amigos de Manolo Rielo “Antonio’s” e lle dedicaron escritos, pinturas, caricaturas. Rielo que traballaba no ministerio de xusticia e no Museo de Arte Contemporáneo, foi nomeado “Cidadão de Rio de Janeiro”. No Antonio’s compuxeron grandes cancións os pais da bossa nova e amigos de Rielo: Vinicius, Jobim, Buarque e Toquinho, que eran “gente da casa”. Recordemos que Vinicius de Morães e António Carlos Jobim compuxeron “The Girl of Ipanema”- “Garota de Ipanema” que cantou Astrud Gilberto e da que fixeron unha interpretación histórica en duo Sinatra e Jobim. O “Antonio’s” antes de ter este nome tiña o de “Strangers in the night”, o grande éxito mundial de Sinatra nos 60.

Dentro da música andiveron polo Antonio’s: João Araujo, Sérgio Cabral, Erlon Chaves, José Otávio Castro Nunes, Dori e Nana Caymmi, Haroldo Costa, Edú Lobo, André Midani, Miele, Nelsinho Motta, Badem Powell, Sérgio Port, Lúcio Rangel, Solano Ribeiro, etc. Para acabar ben recordemos bossanovas como: “Abre alas” de Ivans Lins, “Canto de Ossanha” de Vinicius de Morães e Banden Powell cantada por este último, “Wave” de Jobim e Vinicius de Morães cantada por Rossinha de Valença e Flavio Faria, “Bahianada” do seu autor Jose Barrense-Días, etc. Sobre o “Antonio’s”, Mário de Almeida publicou o libro: “Antonio’s: caleidoscópico de um bar”, Ed. Record, Rio de Janeiro 1992.

Estación terminus, a modo de resumo final de todas as estacións que tiveron lugar até o de agora, en boca de Zirano de Chandrexa de Queixa: “Mentres uns arriba ou que se creen arriba e distinguidos, vellos e novos ricos-cultos, señoritos, caciques, mediócratas, nomenklaturistas e traficantes varios, cos seus cantares, cantautores e cantaores, intelectuais, expertos, poetas, escribidores, mamporreiros, tecnoburócratas, sindicatos, corporacións e sociedades de autores, gozan arbitraria e inxustamente do bico da gloria/ outros abaixo sen historia, teñen que facer fronte á miseria material e-ou existencial, conformarse coas migallas, verse condenados á escoria”.

O peor é que moitos, na obscuridade da caverna, no reino do medo (Spinoza: “Un ten no seu poder ao outro cando lle logra impor o seu medo”), da envexa (o éxito dun é o fracaso do veciño, do outro), da claudicación e das sombras, son felices coas súas sombras, cos seus opresores, cos seus compradores e abusadores. Retozan nas lameiras do cubil, no envilecemento da negrura, do lóbrego, e vendida a súa dignidade, renunciando a loitar por faceren a súa propia historia, láianse, sométense, conformanse... e hainos que soñan, aspiran a seren como os seus señoritos, como os seus vellos e/ou novos amos, domadores/dominados/ feudais/servos/ pelotilleiros/dominadores.

A verdade, ás veces, é tan amarga, tan dura e tan difícil, que os que aman ou defenden outra cousa distinta a ela, queren que o obxecto amado ou defendido sexa o verdadeiro.

Acabemos, se cadra, en positivo, volvendo ao principio, ao título, sentido e fin de este traballo: a poesía popular, vital, rixosa e combativa. Para o cal, facemos unha descarga poético-galega-salseira-española-brasileira, cantando a coro como nos

vellos tempos, no restaurante Asesino, ou diante da fachada de San Martín Pinario. Cantando: “Eu sei que vou te amar” do inmenso en sempre presente Vinicius de Morães, o autor do “Soneto do amor total” que lles recomendo que escoiten recitado por el e que tamén se titula: “Samba em prelúdio” que compuxo con Baden Powell. Antes, e para quentarse, poderíamos atacar a samba brasileira-gaiteira “Portela. O mundo de Pixinguinha” que borda Grês.

*Eu sei que vou te amar
 Por toda minha vida eu vou-te amar
 Em cada despedida eu vou-te amar
 Desesperadamente, eu sei que vou-te amar
 E cada verso meu será
 Para te dizer que eu sei que vou-te amar
 Por toda minha vida
 Eu sei que vou chorar
 A cada ausência tua eu vou chorar
 Mas cada volta tua há de apagar
 O que esta ausência tua me causou
 Eu sei que vou sofrer
 A eterna desventura de viver
 A espera de viver ao lado teu
 Por toda minha vida
 (De tudo, ao meu amor serei atento
 Antes, e com tal zelo, e sempre, e tanto
 Que mesmo em face do maior encanto
 Dele se encante mais meu pensamento
 Quero vive-lo em cada vao momento
 E em seu louvor hei de espalhar meu canto
 E rir meu riso e derramar meu pranto
 Ao seu pesar ou seu contentamento
 E assim, quando mais tarde me procure
 Quem sabe a morte, angústia de quem vive
 Que sabe a solidão, fim de quem ama
 Eu possa me dizer do amor que tive:
 Que não seja imortal, posto que é chama
 Mas que seja infinito enquanto dure)
 Eu sei que vou sofrer..
 Eu sei que vou amar*

No coro están: os artistas polifacéticos Kukas e Licho cas súas gaitas en claves gaiteras, a de Kukas de Kukas e a de Licho de Ricardo Portela e Mallou; o Príncipe Galin, o poetas Novoneyra, Oroza e Maximino Castiñeiras, o tanguerio Bernardo París, os funcionarios universitarios e copleiros de arriba para os de abaixo o Duo Cupletista-Filosófico Popular Agustín e Isabel (Agustín García Calvo e Isabel Escudero) e os amigos e achegados comúns.

XAVIER BARREIRO LUCES

Santiago

Técnico Superior de Restauración de Santiago de Compostela. Colaborador gastronómico nas revistas *Aunios*, *Raigame* e *A Taboada*. *Webmaster* da páxina gastronómica galega *gastromania.fiestras.com*.

Interesado pola etnografía culinaria centrouse na gastronomía galega anterior ó s. XX. Reflexo das súas conclusións é a temática dos artigos publicados, que abranguen dende a cociña celta á cociña medieval en Galicia, ós mil anos de gastronomía no Xacobeo, ó vocabulario de cociña galega, sen esquecerse das receitas.

